

Solaina da poesía

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2012 [1991]). “Solaina da poesía”. *Dorna*: 18, 89-92.
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1890>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (1991). “Solaina da poesía”. *Dorna*: 18, 89-92.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.


Un ano antes da súa morte, 1980 pois, Alvaro Cunqueiro sorprendeu unha vez máis ao público lector cun mangado de poemas que conformaría a sección HERBA AQUI OU ACOLA do volume OBRA GALEGA COMPLETA (POESIA-TEATRO), editado por Galaxia. Agora (1.991) cando estamos metidos no ano cunqueirán, pois o Día das letras foi seu, Galaxia recunca con HERBA AQUI OU ACOLA, a través da Colección Dombate, en edición aumentada -respecto da anterior- e asinada por Xosé Henrique Costas. Reler a Cunqueiro, amais dun pracer, supón mergullarse nun mundo no que as adherencias culturais (xamais culturalistas) toman vida propia, afogando no poema toda hipotética impertinencia. E naturalmente que chama a atención, na derradeira poesía cunqueirá, a prodigalidade en referencias históricas, literarias ou mitolóxicas. Pero ocorre que Cunqueiro, a diferenza dos venecianos españois ou os cultural-ecoicos galegos, se chegaba a Hastings ía subido no drakkar de Guillermo o Bastardo e se lembraba a Mendiño en Woburn Hills era porque el mesmo estaba alindando as cervas. Velaí a pequena pero sutil diferenza.

E pois Cunqueiro botou as redes de continuo na mitoloxía céltica (deixando algún que outro libro sobre este tema soamente en proxecto) ven moi a conto o CANCIONEIRO DA POESIA CÉLTICA de Julius Pokorny (Galaxia-Dombate, 1.991) para seguir dándolle corda ao papaventos. Os tradutores do CANCIONEIRO DA POESIA CÉL-

TICA, primeira edición de 1.951, foron Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, dous ilustres desaparecidos, experto un no secreto do humor, outro na saudade, ambas facianas ben características do CELTA. Aínda que no libro de Pokorny falte o primeiro en beneficio da segunda, e do amor, da natureza, a relixión... Sendo a brillante sorpresa final a aparición, entre tanto remol do pasado, de poemas de Yeats, Mac Donagh e Plunkett.

Unha colección, esta de Dombate, cada vez máis centrada agás algún lapsus, tal a publicación do estomagante A TRAXECTORIA CAOTICA DO PÉNDULO (1.990) de Miguel Sande. Libro para esqencer axiña e que debería facer reflexionar ao seu autor sobre os lindeiros -que tamén existen- da poesía.

Poesía para exorcizar interiores a de Fermín Bouza no seu maxistral e premiado pola crítica "española" LABERINTO DE INVERNO (Sotelo Blanco-Leliadoura, 1.991). Un volume mesto e complexo que, tal vez, tería precisado dunha guía antes de adentrarse no seu hermetismo máxico e dorido. Pensaba nun cometido semellante ao que cumprira Pepe Cáccamo en A GANDARA DA NOITE baixará. Pois a través da anguria do labirinto de Bouza non se pode camiñar impunemente a risco de experimentar o desacougo. Ao que, en última instancia, pode o sentido do humor deste poeta e novelista compostelán, enguedellado nun proceso evocativo que leva o seu son (QUEN VIRA QUE NON VEÑA) da infan-



Pancho Rodiño

cia en Ourense ata o patetismo do home feito, pasando polo silencio das conversas (memorable poema o adicado a Luís Mariño) en Compostela. O *LABERINTO DE INVERNO*, por valente, arriscado e cheo de potencia ten de ocupar un posto sobranceiro na historia da nosa poesía, ao menos no tranco dos últimos quince anos.

Polo terreo da evocación andivo tamén Ramiro Fonte co seu *ADEUS NORTE* (Colección Esquío, 1991), último Premio Esquío. *ADEUS NORTE*, ademais do afortunado e chamativo título, supón nunha lectura de urxencia (veño de recibir o libro) outra volta ao tornelo da poesía -de entre as nosas- seguramente mellor caligrafiada. Cando Ramiro Fonte pon a andar os seus endecasílabos e heptasílabos, un pode apostar a cegas pola elegancia máis brillante que neste caso vai adobiada polo poder da evocación -*A SOMBRA DO ARTISTA ADOLESCENTE*-, da imposible fuxida -*ADEUS NORTE*- e do progresivo autosulagamento -

INTERIOR MEDIANOITE-. Isto, xa digo, de entrada. Agora terei de recorrer este libro paso a paso. Nel, de momento, xurde con toda a forza da luz eléctrica a alto voltaxe o soneto *POEMA DOS AMIGOS MORTOS*. ¿Luz eléctrica?. Acaso un quinqué co fanal máis delicado porque:

*Xa non poden fitarme cando apañan
As anadas perdidas. É imposible
Esa apreta a luzada mentres caen.*

POESIA GALLEGA DE HOY (Visor, 1990) é unha antoloxía bilingüe que se viña botando en falla desde hai tempo. Se non estou nun erro a última antoloxía destas características fora a de María Victoria Moreno. *OS NOVÍSIMOS DA POESIA GALEGA* (Akal 1973), sen que, por certo, ningún dos seus componentes apareza antologado na escolma visoriana. O que tampouco semella xusto pois varios deles -endereitado ou, mellor, mudado o rumbo- teña protagonizado valiosos intentos poéticos nos últimos tempos. Así as cousas, salvadas estas





Rai

ausencias e outras de non menor interese, *POESIA GALLEGA DE HOY*, trece son os poetas que nela están, caseque tantos como tendencias, cubre con dignidade o baleiro ao que me refería dando fora de Galicia unha visión bastante cabal do que aquí anda a cocerse. O prólogo que abre a antoloxía é unha lúcida análise de Basilio Losada verbo dos arredores da nova poesía galega, os seus antecedentes e contextualización.

E falando de escolmas non estará de máis citar a que publicada baixo o título *SEIS POETES GALLECS* (Editorial Columna, 1.990) recolle en galego e catalán parte da produción poética de Cáccamo, Fernán-Vello, Fonte, Forcadela, Baixeras e Vilanova, prologados por Alex Susanna e traducidos por éste e o propio Rodríguez Baixeras.

No difícil espacio da prosa poética presenta Arturo Casas, coruñés do 58, *SOMBRA DE UNIDADE* (Colección Esquíu, 1990), prologado por Arcadio López Casanova e precedido dunha cita de María Zambrano.

Arturo Casas aposta pola claridade e a beleza, aprisionadas dentro dunha estrutura matemática. Cousa que consegue a pesar dunha certa -posiblemente adredfrialdade. En todo caso *SOMBRA DE UNIDADE*, bilingüe por algunha razón, que se me escapa, "dos responsábeis da Colección Esquíu" apunta -na súa cativa extensión- a un autor con quen contar no futuro.

E para rematar, a teoría co libro de Antonio García Teijeiro, *DISFRUTAR ESCRIBIENDO (A NARRACION E A POESIA NAS AULAS)* (Galaxia, 1.990), lucido breviarío para que os nenos principien o enredo literario. Pola gramática, a expresión oral e escrita e, sobre todo, a poesía. Da que García Teijeiro dá estupendos exemplos prácticos tomados "in situ". Se a aprendizaxe da lectura, en xeral, é complexa, a da poesía non lle vai á zaga. García Teijeiro, sen que a penas se noten as súas orixes profesoraís, dá neste mínimo (e altamente recomendable libro) toda unha lección de principios.